

# PLAN DE ACOLLIDA Covid-19

## DA EEI VILA LAURA

Curso 2020-21

### ÍNDICE

- a) Contextualización.
- b) Novas normas de organización e funcionamento do centro.
- c) Actuacións de prevención, hixiene e protección.
- d) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.
- e) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.
- f) Conclusións

## a) Contextualización

Segundo as Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa en relación as medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020-2021, o centro educativo elaborará un “Programa de Acollida”.

O presente documento ten por obxecto desenvolver en base ás Instrucións citadas e ao Programa de Acollida Covid 19 da EEI Vila Laura e publicado na páxina web: [www.edu.xunta.gal/centros/eei.vila.laura](http://www.edu.xunta.gal/centros/eei.vila.laura) para o reinicio da actividade académica presencial o vindeiro 10 de setembro.

## b) Novas normas de organización e funcionamento do centro.

□ Secretaría: Os trámites administrativos: solicitude de certificados ou de documentos de calquera índole realizaranse vía telemática polo correo electrónico da escola: [eei.vila.laura@edu.xunta.es](mailto:eei.vila.laura@edu.xunta.es)

□ As consultas con Equipo Directivo do centro serán mediante correo electrónico [eei.vila.laura@edu.xunta.es](mailto:eei.vila.laura@edu.xunta.es). De non ser posible, polo mesmo medio solicitarase cita presencial.

□ REUNIÓNS INFORMATIVAS COAS FAMILIAS

### OBXECTIVOS:

- Dar a coñecer o plan de acollida a situación Covid-19
- Destacar a importancia de cumprir as normas de organización de dito plan.
- Explicar o procedemento de entradas e saídas do alumnado.
- Explicar o procedemento de illamento do seu fillo/a, se é o caso, acceso para recollelo polo Aulario.
- Explicar a Autoavaliación Covid antes de saír da casa
- Recordar a importancia de ler os protocolos da EEI Vila Laura e de estar pendentes da páxina web, do Abalar móbil e do Remind.
- Explicar o procedemento a seguir en caso dun abrocho na nosa escola. Dar a coñecer o Plan de Continxencia.
- Calquera tipo de xestión administrativa ou solicitude de calquera índole vía correo electrónico [eei.vila.laura@edu.xunta.es](mailto:eei.vila.laura@edu.xunta.es)

- ANPA: non hai Gardería Matinal nin Actividades Extraescolares
- Período de adaptación do nivel.
- O uso da mascarilla. Moi recomendable. Haberá tempos de descanso.
- Todo o relativo ás reunións de principio de curso doutros anos.

## DATAS E LUGAR DAS REUNIÓNS

LUNS, 7	5 ANOS - A	BIBLIOTECA	9:00
	5 ANOS- B	COMEDOR	
	5 ANOS- C	BIBLIOTECA	12:00
	5 ANOS- D	COMEDOR	

MARTES, 8	4 ANOS - A	PATIO	9:00
	4 ANOS- B	PATIO	
	4 ANOS- C	PATIO	12:00
	4 ANOS- D	BIBLIOTECA	

Deseñamos un Período de Adaptación especial para o alumnado de 4 e 5 anos cos seguintes obxectivos:

- ✓ Favorecer a incorporación a aula do alumnado como consecuencia do decreto do Estado de Alarma.
- ✓ Adaptar ao alumnado ás novas normas organizativas derivadas do Plan de Adaptación pola Covid-19 de entradas e saídas.
- ✓ Adaptar ao alumnado ás novas normas de hixiene e distanciamento social
- ✓ Adaptar ao alumnado ás novas normas de relación cos seus iguais e cos adultos e de interacción dentro da aula.
- ✓ Adaptar ao alumnado ás novas normas de xogo no recreo e no tempo de lecer.
- ✓ Adaptar ao alumnado ás novas normas para uso dos aseos.
- ✓ Adaptar ao alumnado para ás novas estruturas da aula, do uso dos recantos, dos xogos de aula, das rutinas...
- ✓ Adaptar ao alumnado para o novo xeito de merendar na escola.

**4 anos:** duración 7 días lectivos (do 11 ao 18 de setembro, ámbolos dous incluídos)

- 1º Grupo de 09:10 a 11:10
- 2º Grupo de 11:50 a 13:50

**5 anos:** duración 5 días lectivos ( do 10 ao 16 de setembro, ámbolos dous incluídos)

- 1º Grupo de 09:00 a 11:00
- 2º Grupo de 11:40 a 13:40

□ **O período de adaptación para o alumnado de nova incorporación, 3 anos,** seguirá os criterios dos cursos anteriores e será dende o 14 ao 30 de setembro (ámbolos dous incluídos).

- O horario a partir do 1 de outubro será de 9:20 a 14:00
- Entrevistas individuais coas familias previa cita por parte da titora
- Cada aula realizará co seu alumnado o seguinte período de adaptación:

PERIODO DE ADAPTACIÓN DE 3 ANOS				
OS TURNOS REALÍZANSE TENDO EN CONTA A ORDE DE LISTA.				
<b>LUNES 14</b>	<b>MARTES 15</b>	<b>MIÉRCOLES 16</b>	<b>JUEVES 17</b>	<b>VIERNES 18</b>
9:20-10:00 GRUPO A	9:20-10:00 GRUPO A	9:20-10:00 GRUPO A	9:20-10:00 GRUPO A	9:20-10:00 GRUPO A
10:15-10:55 GRUPO B	10:15-10:55 GRUPO B	10:15-10:55 GRUPO B	10:15-10:55 GRUPO B	10:15-10:55 GRUPO B
11:10-11:50 GRUPO C	11:10-11:50 GRUPO C	11:10-11:50 GRUPO C	11:10-11:50 GRUPO C	11:10-11:50 GRUPO C
12:05-12:45 GRUPO D	12:05-12:45 GRUPO D	12:05-12:45 GRUPO D	12:05-12:45 GRUPO D	12:05-12:45 GRUPO D
13:20-14:00 GRUPO E	13:20-14:00 GRUPO E	13:20-14:00 GRUPO E	13:20-14:00 GRUPO E	13:20-14:00 GRUPO E
<b>LUNES 21</b>	<b>MARTES 22</b>	<b>MIÉRCOLES 23</b>	<b>JUEVES 24</b>	<b>VIERNES 25</b>
9:20-10:50 GRUPO A y C	9:20-10:50 GRUPO A y C	9:20-10:50 GRUPO A y C	9:20-10:50 GRUPO A y C	9:20-10:50 GRUPO A y C
11:00-12:30 GRUPO B y D	11:00-12:30 GRUPO B y D	11:00-12:30 GRUPO B y D	11:00-12:30 GRUPO B y D	11:00-12:30 GRUPO B y D
12:40-14:00 GRUPO E	12:40-14:00 GRUPO E	12:40-14:00 GRUPO E	12:40-14:00 GRUPO E	12:40-14:00 GRUPO E
<b>LUNES 28</b>	<b>MARTES 29</b>	<b>MIÉRCOLES 30</b>		
9:20-11:30 GRUPO A, C y D	9:20-11:30 GRUPO A, C y D	9:20-13:00 TODOS		
11:50-14:00 GRUPO B y E	11:50-14:00 GRUPO B y E			

□ O alumnado chegará acompañado por un membro da súa familia con máscara ata o acceso que lle corresponde a súa aula. No caso de xemelgos de distinta aula o profesorado porase de acordo coa familia correspondente.

□ As familias non accederán ao interior da escola cando veñan a traer ou recoller ao seu fillo/a no horario que lle corresponda

□ O mesmo na saída.

□ As entradas e saídas serán escalonadas e por espazos diferenciados

NIVEL	HORARIO	AULA	ACCESO/SAÍDA
5 ANOS A	09:00/13:40	5 (BOLBORETAS)	CANCELA DA RÚA PINTOR COLMEIRO
5 ANOS D	09:00/13:40	9 (INDIOS)	ENTRADA PRINCIPAL
5 ANOS B	09:00/13:40	10 (OSIÑOS)	PATIO CUBERTO PLANTA BAIXA
5 ANOS C	09:00/13:40	11 (EXPLORADORES)	ENTRADA PLANTA BAIXA
4 ANOS A	09:10/13:50	2 (PIRATAS)	ENTRADA PRINCIPAL
4 ANOS B	09:10/13:50	6 (PINGÜÍNS)	CANCELA DA RÚA PINTOR COLMEIRO
4 ANOS C	09:10/13:50	7(ASTRONAUTAS)	CANCELA PATIO 3 ANOS
4 ANOS D	09:10/13:50	12 (ESTRELIÑAS)	ENTRADA PLANTA BAIXA
3 ANOS A	09:20/14:00	8 (ESQUÍOS)	ENTRADA PRINCIPAL
3 ANOS B	09:20/14:00	1 (ABELLIÑAS)	ENTRADA PRINCIPAL
3 ANOS C	09:20/14:00	4 (XIRAFAS)	CANCELA PATIO 3 ANOS
3 ANOS D	09:20/14:00	8 (TARTARUGAS)	CANCELA DA RÚA PINTOR COLMEIRO

### Ubicación das entradas e saídas da EEI Vila Laura



1	5D Indios 4A Piratas 3A Esquios 3B Abelliñas	9:00 /13:40 9:10 /13.50 9:20 /14:00 9:20/14:00
2	5C Exploradores 4D Estreliñas	9:00 /13:40 9:10 /13.50
3	5B Osiños	9:00 /13:40
4	5A Bolboretas 4B Pingüíns 3D Tartarugas	9:00 /13:40 9:10 /13.50 9:20 / 14:00
5	4C Astronautas 3C Xirafas	9:10/13:50 9:20 /14:00

□ Non se permite que as familias e alumnado na saída quede formando agrupacións nos patios ou que xogue nos mesmos. Asemade, informarase ás familias da necesidade da responsabilidade persoal de non facer agrupamentos nos accesos ao centro escolar.

□ O número de profesores de garda precisos para facer efectiva a entrada e a saída do recinto escolar en condicións de seguridade, é a totalidade do equipo docente segundo o seu horario lectivo.

□ A organización das aulas en Grupos de Convivencia Estable cuxos membros poden socializar e xogar entre si sen ter que manter a distancia interpersoal de forma estrita. Estes grupos de convivencia estable deberán evitar a interacción con outros grupos do centro educativo, limitando ao máximo o número de contactos, o que non faría necesario gardar a distancia interpersoal de 1 metro en aula.

□ Titorías coas familias: preferiblemente a través de vías corporativas e telemáticas co uso da aplicación CISCO WEBEX. O uso de chamadas telefónicas, o envío de mensaxes a través de correo electrónico do centro ou o envío de mensaxes por ABALARMÓBIL. Poderanse levar a cabo titorías presenciais atendendo ás condicións de seguridade e hixiene e utilizando a aula da titoría.

□ Xuntanzas por parte do centro educativo coa ANPA (Reunións mensuais e extraordinarias), como para a convocatoria de Claustros, CCP, Comisións e Consellos Escolares...: correo electrónico do centro, ABALAR MÓBIL e vídeo conferencias Webex. No seu defecto a vía telefónica do centro tamén pode ser canle de solicitude de xuntanzas.

□ Uso de máscara no centro: Para o profesorado é obrigatorio en tódalas circunstancias agás as excepcións recollidas no Plan de adaptación a situación Covid para PT e AL.

**Para o alumnado é altamente recomendable** tanto nos espazos comúns como na aulas.

□ Probaremos o funcionamento das alfombras desinfectantes nas entradas á escola, como unha medida máis de axuda.

□ Normas para a realización de eventos: este curso non se realizarán actividades e celebracións de centro . As saídas didácticas, se pospoñen ata a espera da evolución da pandemia. Despois poderán levarse a cabo respectando a normativa vixente no momento de realizalas, sobre todo en canto ao aforo de museos e salas e as normativas de transporte.

□ Aforos

- Baños: Cada aula terá asignado un aseo co debuxo da súa mascota.
- Sala de mestras 6.

□ Recreos e Tempo de Lecer: dividirase o patio en diferentes espazos para cada unha das clases e en quendas. Será rotativo.



## RECREO E TEMPO DE LECER

(ROTATIVO e CONSECUTIVO CADA DÍA UNHA ZONA)

ESPAZOS SEGÚN O TEMPO METEREOLÓXICO		5 ANOS 10:45-11.15 12:55-13:10	4 ANOS 11:20-11:50 13:15-13:35	3 ANOS 12:00-12:30 12:30-12:50
	PATIO 3 ANOS ZONA CUBERTA	A	A	A
	PATIO 3 ANOS ZONA CUBERTA			
	PATIO 3 ANOS ZONA HERBA	B	B	B
	PATIO CUBERTO 4/5 ANOS (zona atrás)			
	FÚTBOL	C	C	C
	PATIO CUBERTO 4/5 ANOS (zona diante)			
	FILAS/RAYUELAS	D	D	D
	BIBLIOTECA			

CADA MESTR@ DECIDE A QUE ZONA VAI TENDO EN CONTA AS CONDICIÓNS METEREOLÓXICAS

É PRECISO QUE O ALUMNADO VAIA AO BAÑO ANTES DO RECREO.

EN CASO DE NECESIDADE PEDIMOS AXUDA AOS COMPAÑEIR@S DA ZONA PRÓXIMA E AOS QUE ESTÁN DE GARDA.

PREGAMOS MOITÍSIMA PUNTUALIDADE E CONTROLAR AO GRUPO PARA EVITAR MESTURA DE ALUMNADO.

PARA SAIR E ENTRAR SEGUIMOS AS SINALIZACIÓNS.

QUEDAN INUTILIZADOS O AREEIRO, O BARCO PIRATA E OS XOGOS GRANDES DE PATIO. AGÁS ALUMNADO NEAE.

INTENTAREMOS ATOPAR ESTRATEXIAS NO XOGO PARA ADAPTARNOS AS CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS DO NOSO ALUMNADO. PODEMOS LEVAR UNHA CAIXA CON XOGUETES.



ZONA CAMELIO QUEDA DE COMODÍN POR SI ALGUNHA AULA PRECISA SAÍR NOUTROS TEMPOS. DEBERÁ AVISALO CON ANTELACIÓN NO GRUPO DE WHATSAPP DO COLE.

O ENTRAR NA AULA **HIXIENE DE MANS**.

- Merendas: realizarase de xeito individual en espazos diferenciados dentro da propia aula. Cada nivel terá un horario diferente do tempo de merenda supeditado á quenda do recreo.
- Compromiso realización autoenquisa clínica: diaria tanto por parte do profesorado como por parte das familias do alumnado (realizarano as familias do alumnado no seu propio fogar antes de asistir ao colexio). Anexo I

Adaptación do comedor

O obxectivo do presente documento é o de incorporar as medidas e accións complementarias ás indicadas no protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros do ensino non universitarios de Galicia para o presente curso.

O comedor escolar intenta cumprir co obxectivo de conciliación da vida familiar e laboral.

Este documento está sometido a revisión constante e pode ser obxecto de modificacións froito da realidade epidemiolóxica.

O uso do comedor no noso centro é de xestión indirecta e queda organizado polos grupos estables de convivencia e separados de forma xenérica por 1,5 m entre os grupos.

A organización do comedor queda así:

- O comedor principal está dividido en dúas zonas, mide 103 metros cadrados.
- Debido a esta nova situación as familias poden recollelos a partir das 15:00 para evitar aglomeracións.
- As monitoras serán sempre as mesmas para cada grupo.
- O persoal utilizará en todo momento a máscara de protección.
- Os pratos son individuais e non se comparte ningún utensilio.
- Asignasen postos fixos para o alumnado durante todo o curso.
- Cada grupo estable de convivencia está identificado coa súa mascota, tanto na zona de abrigos e mochilas como dentro do comedor.
- 1ª QUENDA: Ás 13:40 quenda de 6º de EI dividido en 4 zonas para manter os grupos estables de convivencia. Cando rematen de comer van ao patio cuberto interior coas súas monitoras e unha coidadora.. En catro zonas diferenciadas.



- 2ª QUENDA: Ás 13:50 quenda de 5º EI nunha aula habilitada para tal fin, dividida en 4 zonas para manter os grupos estables. A súa superficie é de 50 metros cadrados. Ao rematar van ao patio cuberto exterior. Acompañados de dúas monitoras. En catro zonas diferenciadas.
- 3ª QUENDA: Ás 14:10 quenda de 4º EI no comedor principal noutra zona diferente aos de 6º EI, que xa están rematando de comer. Tamén divididos en 4 zonas para seguir mantendo os grupos estables de convivencia. Cando rematen a comida quedan no mesmo espazo que está habilitado para ese tempo de lecer con cañón e pantalla, dado que son os últimos en entrar a comer. Acompañados de 4 monitoras.
- Os baños están asignados por aulas identificados coa mascota do seu grupo estable.
- A entrega do alumnado usuario de comedor tamén se fai por tres zonas diferenciadas:
  - ✓ Porta do patio cuberto: 5 anos
  - ✓ Cancela do aulario: 4 anos
  - ✓ Porta principal do aulario: 3 anos

## c) Actuacións de prevención, hixiene e protección

- Corresponde a empresa de limpeza actual do centro, MANTELNOR, xestionar, planificar, organizar e desenvolver todo o que a medidas de hixiene se refire. En todo caso a desinfección e limpeza de baños, patios e pasamáns... serán a lo menos 3 veces ao longo da mañán. Actualmente aumentou considerablemente o tempo de limpeza en horario de mañán (4 horas e media).
- Creación Equipo Covid que actuará coma referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias en relación as función recollidas no Plan Adaptación á situación Covid 19 no curso 2020-2021 da EEI Vila Laura.
- Determinación do espazo de illamento COVID: aula de PSICOMOTRICIDADE no Aulario cos elementos de protección, así como as indicacións para proceder en caso de illamento aparecen recollidos no Plan de Adaptación.
- Medidas xerais de protección individual recollidas no Plan de Adaptación.
- Rexistro e inventariado e protocolo de compra e difusión do material de protección recollidas no Plan de Adaptación.

- Xestión de abrochos: recollida no Plan de Adaptación. Sempre se seguirán as instrucións da Consellería de Sanidade e Educación.
- Nos corredores estableceranse sentidos de entrada e saída diferentes en ambas marxes do corredor, segundo a cartelería recollida no Plan de Adaptación.
- Espazos de uso compartido por varios grupos, entre sesións será preciso realizar unha ventilación de 5 minutos e labores de limpeza básica do espazo e material de traballo persoal.
- No momento da entrada do patio ou calquera outra actividade fora da aula de referencia, supervisar o correcto lavado de mans así como proporcionar o papel de secado e controlando o fluxo de alumnado.
- Incluirase no horario de aula diario os momentos de lavado e desinfección de mans e “postos de traballo” ao final das actividades, do día e tras a merenda, etc para crear hábitos e rutinas de hixiene.
- Realizar as actividades de aula, sempre que a climatoloxía e os espazos o permitan, ao aire libre.
- O Conserxe pasará polas aulas á chegada ao centro, para abrir as fiestras e ventilar antes do inicio da xornada. Igualmente quedarán abertas durante a xornada se o tempo o permite e durante o recreo ou sempre que se realicen actividades fóra da aula.

#### **d) Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.**

- O equipo docente formarase naquelas actividades que dende a Consellería se estimen necesarias na Covid 19 así como en aqueles aspectos de aulas virtuais que faciliten a xestión educativa e pedagóxica no caso de formación semipresencial ou non presencial.
- Neste vindeiro curso todo o claustro participará a través dunha liña de traballo do PFPP na actualización desta formación.
- A coordinadora do equipo TICs con axuda do seu equipo será o responsable do traballo de mantemento do blog (coma sempre), Cisco Webex e, se chega a poñerse en marcha, a aula virtual.

e) Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

□ O obxecto da EEI Vila Laura segue a ser desenvolver unha aprendizaxe favorecedora da educación integral de PERSOAS, en convivencia positiva, na que a diversidade sexa eixo vertebrador, evitando todo tipo de discriminación no proceso educativo, respectando e valorando as diferenzas que aquí conviven e que ten como base a aprendizaxe manipulativa, construtiva, cooperativa e humanística e presenta moitas dificultades para levalo a cabo na situación actual pola Covid-19.

□ Potenciarase unha educación eficaz e competencial en base a adquisición de hábitos saudables, e dinámicas de traballo, que prepare ao alumnado para a participación activa na vida real no momento presente e futuro.

□ Seguindo as instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da Educación Infantil, da Educación Primaria, da Educación Secundaria Obrigatoria e do bacharelato:

- Reunións informativas coas familias e difusión do Plan de Adaptación, do plan de Acollida e do Plan de Continxencia
- Avaliación inicial
- Atención aos aspectos emocionais e sociais.
- Adaptación das programacións didácticas incorporando os obxectivos, contidos e aprendizaxes do curso anterior e que resulten imprescindibles para continuar coa programación do curso actual.

A metodoloxía de traballo potenciarán tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a autoaprendizaxe, o pensamento crítico e creativo e a investigación mediante proxectos de traballo entre outras. Por este motivo o alumnado en ocasións traballará por grupos dentro do grupo estable.

□ Os docentes e demais persoal non docente do centro empregarán a máscara de xeito continuado e o alumnado fóra da aula tamén.. Explicarase ao alumnado que a aula é como o espazo do fogar e que para saír deste hai que poñer a máscara tal e como fan na súa vida cotiá ao saír á rúa. Moi recomendable o uso da máscara tamén dentro da aula onde haberá tempos de descanso da mesma.

□ A aprendizaxe das medidas hixiénico-sanitarias serán eixo vertebrador do proceso de ensinanza-aprendizaxe da nosa comunidade educativa pola transcendencia social que ten no momento actual.

□ Durante a asemblea inicial dentro da aula e diariamente lembrarase, empregando a cartelería de aula, os seguintes aspectos ao alumnado:

- ✚ O correcto uso da máscara, o xeito de poñela e sácala, gardala...
- ✚ Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- ✚ Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón.
- ✚ Valoración das entradas e saídas do centro, esixencia a todas as persoas (persoal do centro, familias e visitantes) da realización da hixiene de mans. Prestarase especial atención a esta tarefa nos primeiros días do curso polo seu carácter educativo. No caso do alumnado verificarase a realización unha vez entren na aula. Valoración en grupo aula desta medida e posta en común do acontecido para establecer aquilo no que temos que mellorar.
- ✚ Seguímentos da cartelería nos accesos ás aulas e aos espazos comúns.
- ✚ Uso na dinámica de aula dos dispensadores de solución hidroalcolica na entrada e en espazos comúns (En ausencia de auga e xabón) Evitar que leven as mans a boca e ollos.
- ✚ Emprego de xabón e papel para secar as mans, na aula e nos espazos correspondentes coma o baño (nas aulas que dispoñen del).
- ✚ Xerar sistemas de educación sanitaria para a implantación de medidas de hixiene respiratoria:

1. Ao ou esberrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con pedal e tapa (Fluidos respiratorios), ou ben facelo contra a flexura do cóbado.
2. Realizar hixiene de mans frecuentemente, sobre todo despois de tocar secrecións respiratorias (esberrar, tusir, uso de panos) e/ou obxectos con posibilidade de estar contaminados, así como antes e despois de comer ou usar os aseos.
3. Manter a distancia física recomendada fóra da aula estable e dentro sempre que sexa posible. Empregar a máscara de protección. Informarase do uso correcto da mesma e de como poñela e sacala de xeito lúdico e manipulativo.

□ Extremarase a orde no posto de traballo e nas mesas da aula, realizando a limpeza e desinfección establecidas por parte do profesorado e do persoal de limpeza asignado.

□ Traballarase para que o alumnado non comparta material de uso propio. Nas aulas empregaremos o espazo diferenciado para o material de cada alumno, dentro das condicións da escola e das idades do noso alumnado.

□ Os equipos de traballo e material manipulativo de uso común desinfectaranse adecuadamente antes de ser empregados por outra persoa.

□ As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.

## f) Conclusións

O Plan da EEI Vila Laura é un Plan vivo, adaptable e modificable no que toda a comunidade educativa e os servizos institucionais (Consellería e Concello) fagan as súas achegas asumindo as funcións que lle corresponden, xa que O Equipo Directivo deste centro e o seu Equipo Docente non ten formación, nin competencia para asumir a organización e planificación dun Plan de adaptación de índole sanitario.